



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE MARZO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Proxecto de Lei de protección da paisaxe de Galicia

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Aureliano García González-Llanos como director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda
- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Colino Sueiras como director do Instituto Galego de Estatística
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de José Colino Sueiras como director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Ángel Luis Tarrío Tobar como director do Instituto Galego de Estatística

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Decreto polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo en Galicia



## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto sobre distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevencións de riscos e por obstrución do labor inspector.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella Española en Galicia, para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a entidade Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, para o desenvolvemento do proxecto MENTOR, programa de incorporación de menores acollidos en centros ao mundo laboral

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2008, de acordo co establecido no artigo 9.3 da Lei 3/2003, de 19 de xullo, de cooperación para o desenvolvemento
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración ente a Escola Galega de Administración Pública e a Universitat Pompeu Fabra, para a realización da cuarta ola da Enquisa Social Europea en España
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e Caixanova, para a organización conxunta do Plan de Desenvolvemento da Xestión Local para cargos electos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de



Culleredo, para financiar a realización das obras de acondicionamento dun inmobile destinado a casa-cuartel da Garda Civil na dita localidade

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, para colaborar no financiamento do proxecto de adecuación e reforma das novas instalacións do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular na cidade de Vigo

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Vigo, para a mellora da seguridade viaria da PO-330, avenida de Castrelos e mellora da seguridade

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio específico de colaboración entre o Ministerio de Educación y Ciencia, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción e xestión dun buque de investigación oceanográfica

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da unidade pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Avión, no relativo á creación de solo industrial, sobre o do monte veciñal en man común comunal de San Xusto, pertencente á parroquia de Avión (Santos Xusto e Pastor), promovido polo concello de Avión, na provincia de Ourense
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural a establecer, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións ás organizacións profesionais agrarias para o exercicio 2008, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER) para a



cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Luis Miguel Morás para o desenvolvemento do programa de asistencia e reinserción psicosocial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de As Burgas de Ourense para o desenvolvemento do programa de asistencia e reinserción psicosocial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía (ASVIDAL) para o desenvolvemento do programa de asistencia e reinserción psicosocial de pacientes con problemas de dependencia relacionada co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia, para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) para a realización do programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol, para o ano 2008
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre o Centro de Investigación Biomédica en Rede sobre Enfermidades Neurodexenerativas (CIBERNED) e a Consellería de Sanidade para a promoción e impulso da investigación clínica na área das enfermidades neurodexenerativas no Servizo Nacional de Saúde
- Acordo polo que se ratifica a autorización da contratación dos servizos de operación telefónica, para a central de coordinación da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061*
- Acordo polo que se autorizan as cláusulas adicionais segundas (2ª) aos concertos con data 1 de xuño de 2007, para a reserva e ocupación de prazas para enfermos con trastorno mental persistente nos dispositivos complementarios de rehabilitación con diversas asociacións/fundacións, pola que se incrementa o número de prazas contratadas no centro de rehabilitación

## **CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda para a segunda prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e A AIE Lonxa de Campelo, para a execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia, co concello de Muros, para a execución da obra: "Mellora do saneamento da Comunidade Autónoma. Colectores xerais de Esteiro e Tal. Muros (A Coruña), clave OH.315.595, por importe de dous millóns novecentos quince mil catrocentos sesenta e catro con corenta e catro céntimos (2.915.464,44 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribadavia, para a execución da obra: "Mellora de abastecementos na Comunidade Autónoma. Ampliación e renovación da rede de abastecemento na zona de Ventosela. Ribadavia (Ourense), clave OH.232.596, por importe de cincocentos sete mil douscentos vinte euros con corenta e nove céntimos (507.220, 49 euros)

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a Xestur A Coruña, S.A. para a contratación das obras de urbanización do parque empresarial da Sionlla (Santiago)
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Vivenda e Solo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para sensibilizar a cidadanía en temas relacionados coa vivenda e as intervencións humanas sobre o territorio
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos, para diversas actuacións dentro do Plan de renovación urbana e mellora do espazo público dentro do núcleo histórico de Monforte de Lemos
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Vivenda e Solo e o Concello de Noia para o acondicionamento xeral e a recuperación do contorno dos muíños da Pedrachán e do seu lavadoiro



## **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA, QUE PROMOVERÁ AS POLÍTICAS PARA A SÚA CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN**

- *O proxecto de lei, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ten como principal obxectivo recoñecer xuridicamente a paisaxe*
- *A normativa prevé a creación dunha serie de instrumentos nas políticas de paisaxe, como son os Catálogos da Paisaxe Galega, as Directrices da Paisaxe, os Estudos de Impacto e Integración e os Plans de Acción en Áreas Protexidas*
- *O Observatorio Galego da Paisaxe será a entidade de apoio e asesoramento á Xunta nesta materia, ademais do organismo encargado da delimitación das grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos e estudos da paisaxe, así como o responsable de avaliar o seu estado de conservación*
- *Galicia sumarase deste xeito ás comunidades autónomas de Cataluña e Valencia, que son as únicas que contan na actualidade con normativa nesta materia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto da Lei de protección da paisaxe de Galicia, elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A nova normativa ten como obxectivo recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas para a súa conservación, protección, xestión e ordenación, servindo como marco de referencia para todas as lexislacións, plans e programas que poden influir dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, e, en especial, cando afecten espazos de alto valor natural e cultural.

Antes da súa aprobación no Consello, o proxecto foi presentado e sometido á consideración de diferentes órganos de participación pública, entre eles o Consello Galego de Medio Ambiente, a Federación Galega de Municipios e Provincias a Comisión Galega de Cooperación Local. Destes procesos xurdiron aportacións que foron incorporadas ao texto aprobado hoxe polo goberno galego.

Así mesmo, o texto foi sometido ao ditame do Consello Económico e Social, que avaliou “positivamente os fins e obxectivos que persegue a norma, pois o proceso de degradación da paisaxe aconsella un marco lexislativo que sirva de base para unha acción administrativa eficaz de protección e salvagarda dos valores paisaxísticos”.

A nova norma ten os seus principios inspiradores no Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia no ano 2000 por proposta do Consello de Europa, no que se entende a paisaxe como un “elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos”; polo que se fai necesaria a integración da paisaxe nas políticas sectoriais, a participación pública na definición destas políticas, a sensibilización sobre o valor da paisaxe, e a promoción dos estudos e a educación nesta materia.



Tendo en conta estes principios, a Consellería de Medio Ambiente elaborou o proxecto da Lei da paisaxe, unha normativa de carácter novedoso, xa que soamente as comunidades de Cataluña e Valencia contan con lexislación sobre a paisaxe. O texto estrutúrase en 14 artigos nos que se concreta o obxecto da lei, a actuación dos poderes públicos, os instrumentos de organización das políticas de paisaxe e os instrumentos para a súa protección, xestión e ordenación. Entre estes instrumentos están os Catálogos da Paisaxe de Galicia, as Directrices de Paisaxe, os estudos de Impacto e Integración Paisaxística e os Plans de Acción da Paisaxe nas áreas protexidas.

### **Catálogos e Directrices da Paisaxe**

Os Catálogos da Paisaxe de Galicia serán os documentos de referencia que deberán delimitar, de acordo a diferentes estudos, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia. Os catálogos incluírán un inventario dos valores paisaxísticos de cada área e unha diagnose desta, identificando as zonas que precisan de medidas especiais de protección e intervención e as zonas de especial interese paisaxístico.

A nova lei tamén recolle a existencia das Directrices da Paisaxe, que precisarán cal é a calidade axeitada para cada paisaxe e as accións específicas para acadala, así como unha descrición dos indicadores de calidade para o control e seguimento das paisaxes e unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias encamiñadas a acadar o desenvolvemento sustentable do territorio. Estas directrices terán carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística e integraranse na Avaliación Ambiental Estratéxica de plans e programas.

### **Estudos de Impacto e Plans de Acción**

Co obxectivo de preservar as áreas de interese paisaxístico, o anteproxecto da lei establece que todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de Impacto Ambiental deberán incorporar no seu Estudo de Impacto Ambiental un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística, en que se avaliarán os efectos que o proxecto pode provocar na paisaxe.

Outro dos instrumentos para a protección e xestión da paisaxe serán os Plans de Acción en áreas protexidas, que estarán centrados nas paisaxes incluídas en espazos naturais de especial protección. Estes plans axustaranse ás Directrices da Paisaxe e incluírán unha proposta de medidas para o mantemento, mellora, recuperación ou rexeneración das paisaxes. A Consellería de Medio Ambiente tamén promoverá que as áreas de Especial Interese Paisaxístico se incorporen á Rede de Espazos Protexidos de Galicia



### **Observatorio Galego**

O Observatorio Galego da Paisaxe será a entidade de apoio e asesoramento á Xunta nesta materia e o órgano responsable da colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade. Entre as súas funcións atópase a de delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os Catálogos da Paisaxe e a súa elaboración; así como a formación, concienciación e sensibilización da cidadanía na necesidade de protexer e xestionar axeitadamente a paisaxe.

O Observatorio tamén será o encargado de avaliar o estado de conservación das paisaxes galegas e analizar as súas transformacións e previsible evolución; realizar estudos e propostas en materia de paisaxe; servir como órgano asesor ás entidades locais co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial; facer o seguimento das iniciativas de ámbito estatal, europeo e internacional nesta materia; participar nas redes de observatorios de paisaxe e fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.



## O CONSELLO APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Define con maior precisión as funcións das diferentes unidades administrativas en que se organiza o centro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que derroga o anterior Decreto 336/1990.

Mediante este texto modifícase a dependencia de todos os servizos e unidades da Escola, que pasan a depender directamente do secretario xeral da EGAP. Así mesmo, defínense con maior precisión as funcións das diferentes unidades administrativas en que se organiza o centro e inclúense como novas funcións do secretario xeral todas as relativas á organización e á xestión das recentes liñas de formación baseadas no uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de proxectos formativos innovadores. Ademais, para a investigación e o estudo no eido da Administración pública, haberá unha unidade de investigación con categoría de subdirección xeral.

Así, a EGAP terá dous órganos reitores: o Consello Reitor e a Dirección. Dependente do director haberá un secretario xeral –con rango de subdirector xeral- ao que lle corresponden atribucións como desempeñar a secretaría do Consello Reitor; xestionar o plan anual de actividades e orzamento; administrar o patrimonio e os recursos económicos da Escola; supervisar a contratación administrativa; dirixir e organizar o persoal ao servizo do centro; coordinar e inspeccionar os servizos e unidades da EGAP; propoñer, planificar e avaliar proxectos formativos innovadores dirixidos aos empregados públicos; e avaliar a calidade das actividades formativas desenvoltas na Escola, entre outros.

Segundo se recolle no texto do decreto, para o desempeño das súas funcións e o cumprimento dos seus fins a EGAP estrutúrase en cinco unidades organizativas básicas que dependen orgánica e funcionalmente do seu secretario xeral:

- Servizo económico- administrativo
- Servizo de selección, formación, perfeccionamento e especialización do persoal da Administración autonómica
- Servizo de selección, formación, perfeccionamento e especialización do persoal ao servizo da Administración local e doutras administracións
- Servizo de estudos, investigación e publicacións
- Unidade de investigación



### **Servizo económico- administrativo**

Á primeira delas, o Servizo Económico-Administrativo, correspóndelle realizar funcións como a elaboración do borrador do anteproxecto de orzamentos da Escola; a execución e o control destes; e a xestión dos medios materiais para o funcionamento ordinario do organismo, das aulas e demais instalacións da Escola, dos expedientes de contratación administrativa, do persoal –e as súas nóminas- e do réxime interno, así como a coordinación dos procedementos administrativos e dos sistemas de calidade internos.

### **Formación do persoal da Administración autonómica**

O Servizo de Selección, Formación, Perfeccionamento e Especialización do Persoal da Administración autonómica terá entre as súas competencias a elaboración da proposta do plan de formación anual do persoal ao servizo desta Administración –con excepción do persoal docente e sanitario-; a coordinación e seguimento dos diferentes plans de formación continua dirixidos aos empregados da Xunta; a organización das actividades derivadas do plan de formación anual da Escola; a implantación de procesos de mellora continua da formación no eido da Administración pública galega; a tramitación de convenios de colaboración con outras entidades da Administración autonómica; a xestión dos procesos de homologación de títulos correspondentes a actividades realizadas por outros centros e dirixidas a persoal da Xunta; e a proposta de elección de profesorado e a selección do alumnado nas actividades formativas da Escola neste eido, entre outros.

### **Formación de persoal doutras administracións**

Pola súa banda, o Servizo de Selección, Formación, Perfeccionamento e Especialización do Persoal ao Servizo da Administración Local e doutras Administracións é o responsable de elaborar a proposta do plan de formación anual do persoal ao servizo da Administración local de Galicia e doutras administracións; do seguimento dos distintos plans de formación e seguimento dirixidos aos empregados destas; de organizar das actividades derivadas do plan de formación anual da Escola destinadas a estes traballadores; asesorar os entes locais de Galicia e cooperar con eles en materia de formación e noutros aspectos relacionados; tramitar convenios de colaboración coas entidades locais de Galicia; xestionar os procesos de homologación de títulos correspondentes a actividades realizadas por outros centros e dirixidas a persoal das administracións locais e doutras administracións de Galicia; dar soporte técnico e asistir nos procesos selectivos para o acceso á condición de funcionario dos entes locais de Galicia sen habilitación de carácter nacional e organizar os cursos selectivos correspondentes, de acordo cos convenios que se subscriban; e coordinar a designación dos representantes da Administración autonómica que formen parte dos tribunais que xulguen os procesos selectivos convocados pola Administración local de Galicia.



### **Estudos e investigación**

Ao Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións corresponderalle promover a difusión de estudos, publicacións e actividades relativas ás administracións públicas; organizar cursos de excelencia, seminarios, congresos, conferencias e xornadas en que se propicie o debate de ideas sobre estas; xestionar a convocatoria de bolsas destinadas a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas co funcionamento da Escola; xestionar a convocatoria de premios destinados a fomentar os estudos e os traballos sobre as administracións públicas; manter relacións de cooperación con outras institucións de interese docente para as actividades da EGAP; xestionar as bases de datos de profesores e expertos; planificar o programa editorial; e xestionar a biblioteca especializada da Escola.

### **Unidade de investigación**

Por último, a Unidade de Investigación realizará funcións como o desenvolvemento de investigacións científicas sobre as administracións públicas e de instrumentos que posibiliten coñecer o impacto das políticas públicas levadas a cabo pola Administración pública galega sobre a cidadanía; a análise das necesidades formativas do persoal ao servizo das administracións públicas; o mantemento de relacións de cooperación e intercambio con outras institucións no eido da investigación; e a xestión da convocatoria de bolsas e axudas destinadas a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas ciencias da Administración.



## **PESCA CREA UNHA CERTIFICACIÓN PROFESIONAL NOVA PARA A EXTRACCIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao proxecto de decreto que regulará o novo título que unificará as dúas modalidades existentes na actualidade*
- *A nova titulación capacitará para a recollida dos produtos autorizados con inmersións en apnea ou con equipos de subministración de aire dende a superficie*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao Decreto polo que se creará unha nova certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia. Con esta normativa unificaranse os dous títulos existentes na actualidade: o de recolector en apnea e o de recolector submarino, regulados polo Decreto 210/2000.

A creación dun único título habilitante para a recollida de recursos específicos con técnicas de mergullo nas nosas augas responde a que nos últimos anos se ten constatado que é bastante frecuente que un mesmo mergullador alterne as dúas técnicas existentes ao longo da súa vida profesional. Neste sentido, cabe sinalar que esas titulacións teñen gran parte do seu contido formativo común, polo que coa nova normativa se pretende que os profesionais que desexen cambiar a súa actividade de extracción non teñan que obter unha nova titulación, evitando así duplicidade de ensinanzas.

Segundo o futuro decreto, para a realización de actividades subacuáticas en augas competenciais de Galicia en materia de marisqueo e coa única finalidade de extraer recursos mariños no marco dun plan de explotación aprobado ata unha profundidade de 12 metros, será necesario que as persoas que as efectúen se atopen en posesión da certificación profesional de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo.

A devandita certificación capacitará para recoller os produtos autorizados con inmersións en apnea ou con equipos de subministración de aire dende a superficie con circuito aberto e cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

### **Requisitos para a obtención do título**

Entre as condicións e requisitos para a obtención da certificación profesional atópanse ter cumpridos os 18 anos de idade, contar coa ensino académico obrigatorio e superar o exame médico de aptitude para o mergullo profesional. Ademais, será preciso pasar as probas físicas que se establezan e superar tanto o test de compresión e tolerancia ao osíxeno hiperbárico como o curso de formación e as probas prácticas correspondentes.



De feito, para obter o título profesional, as persoas interesadas deberán asistir a un curso formativo que terá contidos tanto teóricos como prácticos das técnicas de mergullo, así como de recolección responsable dos recursos, e terán que superar unha proba de coñecementos ante un tribunal designado pola dirección xeral competente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Por outra banda, establecerase que as persoas tituladas ao amparo da normativa anterior ao novo decreto poderán seguir exercendo a súa actividade nas condicións que cada permiso de explotación determine. Así mesmo, os profesionais que estean en posesión dos certificados de recolector en apnea e recolector submarino disporán dun prazo dun ano para validalos segundo o establecido na nova norma. Neste eido, aquelas persoas que estean en posesión unicamente dun dos títulos existentes na actualidade terán que facer a parte do programa formativo que determine a Consellería de Pesca para obter a nova certificación.

Coa entrada en vigor do novo decreto, o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, quedarán derogados, entre outros, o Decreto 210/2000, sobre regulación das certificacións profesionais para a extracción de recursos pesqueiros con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia ou a Orde do 17 de outubro de 2000 pola que se regula o procedemento de obtención dos certificados profesionais para a extracción de recursos mariños con técnicas de mergullo en Galicia.



## **A XUNTA APROBA A NOVA DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS PARA A IMPOSICIÓN DE SANCIONS EN MATERIA LABORAL, PREVENCIÓN DE RISCOS E OBSTRUCCIÓN DO LABOR INSPECTOR**

- *O importe das multas determinará qué departamento da Consellería de Traballo asume a competencia sancionadora*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se define unha nova distribución de competencias para a imposición de sancions en materia laboral, prevención de riscos e obstrucción do labor inspector.

Esta nova distribución está xustificada pola modificación da normativa estatal, xa que as contías deste tipo de sancions sofren un incremento importante con respecto ás que existían ata o momento.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia de determinar quée órganos son responsables deste tipo de sancions e con que límites económicos, dentro dos importes indicados para o conxunto do Estado no Real decreto 306/2007, do 2 de marzo, que actualiza as contías das sancions establecidas na Lei sobre infraccións e sancions.

No decreto defínese como infracción laboral aquelas accións ou omisións dos empresarios contrarias ás normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos. Estas infraccións poden ser en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, de colocación, de emprego, de formación profesional ocupacional e continua e de traballo temporal. Estas infraccións están tipificadas e sancionadas de conformidade coa Lei 5/2000, de infraccións e sancions na orde social.

Así mesmo, define as infraccións laborais en materia de prevención de riscos laborais como aquelas accións ou omisións dos diferentes suxeitos responsables que incumpran as normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde no traballo.

Cómpre sinalar que a competencia de sancionar será responsabilidade dos distintos órganos da Consellería de Traballo segundo a contía da infracción. Polo tanto, establécese que a imposición de sanción en materia laboral e obstrucción á actividade inspectora corresponderá aos delegados provinciais da Consellería de Traballo cando a sanción sexa de ata 12.500 euros; á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais no caso de que o importe non supere os 62.500 euros; á persoa titular da Consellería de Traballo cando a sanción ascenda ata os 125.000 euros; e por último,



ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo, cando a multa ascenda ata os 187.515 euros.

No caso de que as infraccións sexan en materia de riscos laborais, será competencia dos delegados provinciais da Consellería de Traballo se o importe non supera os 40.985 euros; da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais cando a sanción sexa de ata 123.000 euros; da persoa titular da Consellería de Traballo se a infracción conleva unha multa de ata 409.900 euros; e finalmente, do Consello da Xunta de Galicia por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo cando a sanción sexa de ata 819.780 euros.

Por último en materia de cooperativas, as persoas titulares das delegacións provinciais da Consellería de Traballo serán as encargadas de sancionar no caso de que a infracción sexa de ata 6.010,12 euros, co condicionante de que a cooperativa figure inscrita no correspondente rexistro provincial; a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais cando a sancións non superen os 18.030,36 euros e a persoa titular da Consellería de Traballo nas infraccións cuxa multa importe sexa de ata 30.050,61 euros.

Os importes destas contías estableceranse tras analizar as propostas efectuadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social nas actas de infracción que levanten no exercicio do seu labor.

## **O GOBERNO GALEGO E CRUZ VERMELLA COLABORARÁN NUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E APOIO A PERSOAS SEN TEITO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta colaboración, na que inviste 343.000 euros*

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella Española en Galicia para a execución no 2008 dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito. O obxecto desta iniciativa é establecer un marco de colaboración para procurar a integración na sociedade das persoas que non teñen fogar ou transeúntes, no que teñen cabida distintas formas de intervención destinadas a minimizar os danos asociados á situación persoal deste colectivo, así como a reducir as situacións de exclusión social coa integración na sociedade e a procura dun xeito de vida normalizado.

Para a realización das actividades obxecto do convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará a cantidade de 343.000 euros, que están cofinanciados polo Fondo Social Europeo. O plan está destinado a todas aquelas persoas que carezan de residencia ou domicilio estable e se atopen en situación socio-familiar vulnerable, sen ingresos e, en resumo, en situación de exclusión, e desenvolverase a través dos servizos sociais existentes nos termos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela, así como dos equipos de intervención creados para tal fin. O obxectivo xeral desta colaboración é a incorporación social das persoas sen fogar, mediante accións que aborden os distintos ámbitos de intervención, asegurando a coordinación dos servizos sociais e as administracións competentes nesta materia.

A intervención consistirá no desenvolvemento, tanto na rúa como nos albergues e demais servizos de acollida, de accións en distintas liñas. En primeiro lugar, traballarase para detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adiccións, así como para lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o proceso de inserción individual. Ademais, o programa centrarase tamén en informar e derivar os usuarios cara aos servizos pertinentes e brindaralles aos usuarios asesoramento legal.

O convenio que asinarán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella enmárcase dentro das accións deseñadas dentro do II Plan Galego de Inclusión Social.





## **A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR COLABORAN NUN PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MENORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio, ao que se destinan 1.050.853 euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) para o desenvolvemento do Proxecto Mentor. Este programa, ao que a Vicepresidencia destina no 2008 un total de 1.050.853 euros (financiados nun 80% polo Fondo Social Europeo), trata de proporcionar formación e acompañamento á inserción sociolaboral dos mozos e mozas en situación de tutela, garda ou acollidos a outros recursos dependentes da Secretaría Xeral do Benestar, co fin de que poidan acadar unha integración plena, facilitándolles o tránsito á vida independente.

O programa dirixe o seu labor a mozos e mozas de entre 16 e 21 anos acollidos nos centros de menores de Galicia, a aqueles que están no programa de acollemento familiar ou noutros programas dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A iniciativa dá preferencia a aqueles que non estean realizando formación regrada, aos que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia pola ausencia deste ou por estar desaconsellada a súa integración familiar, e a aqueles que, aínda podendo integrarse nos seus fogares, as súas necesidades formativas ou laborais non sexan satisfeitas neste contorno.

Os obxectivos son a promoción sociolaboral destes rapaces e rapazas, reforzando e mellorando o sistema de integración formativo e laboral. Por medio do Programa Mentor, créanse estruturas axeitadas para a formación, emprego e seguimento dos mozos e mozas, así como os recursos necesarios para o seu mantemento. Trátase de prover aos beneficiarios desta iniciativa das estratexias suficientes para acceder ao mercado de traballo e manterse nel a través da formación, o desenvolvemento de habilidades interpersoais, ou o asesoramento en materia de requisitos legais, entre outros. Por outra banda, o Mentor contribúe á preparación destes rapaces para á vida independente, poñendo á súa disposición vivendas tuteladas. Para o seu desenvolvemento, o IGAXES contará cun equipo formado por un mínimo de 20 técnicos.

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector é unha entidade que ten entre os seus fins prioritarios o deseño, supervisión e execución de programas dirixidos á



atención de colectivos en risco de exclusión social, especialmente no eido da mocidade e a infancia.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS A COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, UN 29 POR CENTO MÁIS QUE EN 2007**

▪ *O proxecto galego de cooperación para o desenvolvemento ten como prioridades xeográficas as rexións máis desfavorecidas de África, América do Sur, o Caribe e América Central*

O Consello da Xunta deulle esta mañá o visto e prace ao Plan Anual de Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2008, no que investirá 12.085.069 euros en cooperación internacional, o que supón un incremento do 28,9 por cento con respecto ao investimento de 2007.

A elaboración do Plan Anual de Cooperación para o Desenvolvemento responde ao establecido pola Lei galega de cooperación para o desenvolvemento, que fixa a elaboración de plans directores cuadrienais e de plans anuais. Nese sentido, o Plan aprobado hoxe enmárcase nos obxectivos fixados polo Plan Director de Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009.

O Plan de Cooperación Galega 2008 ten así como principios básicos a sensibilización social sobre as desigualdades do mundo; o fortalecemento de todos os actores do sistema galego de cooperación; a mellora da calidade técnica e operativa do sector; a ampliación e mellora dos seus instrumentos; a procura de sinerxías cos sectores galegos con experiencia en cooperación; o fomento do comercio xusto e o consumo responsable e a elaboración de estratexias para as prioridades da cooperación galega.

O proxecto galego de Cooperación para o Desenvolvemento, coordinado desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, ten como prioridades xeográficas as rexións máis desfavorecidas de África, América do Sur, o Caribe e América Central.

O Plan Anual de Cooperación para o Desenvolvemento considera que, tras dous anos de vixencia do Plan Director, 2008 debe ser o ano da consolidación e do incremento da calidade da cooperación galega. Isto será posible, por unha banda, grazas á nova Lei de subvencións, que posibilita grandes avances na xestión das axudas á cooperación para o desenvolvemento. Ao mesmo tempo, este ano comezarán a executarse programas de cooperación directa deseñados desde a Dirección Xeral de Cooperación Exterior conxuntamente cos países prioritarios e coa participación dos axentes especializados.



### **Afondamento nos obxectivos**

O Plan Anual de Cooperación Galega fixa como obxectivos o afondamento nos establecidos polo Plan Director, en relación co fortalecemento das ONGD; co labor de sensibilización social e de formación desenvolto de maneira destacada a través das tres universidades; coa avaliación dos proxectos financiados en anos precedentes en Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau; a posta en marcha de novos proxectos no exterior a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia; a colaboración con entidades de todo tipo; ou a continuación co fomento do comercio xusto.

### **Gran encontro no ecuador do Plan Director**

Dado que este ano se chega ao ecuador do I Plan Director de Cooperación Galega, no outono de 2008 celebrarase un encontro no que estean representados todos os actores de Cooperación Galega. Esta xuntanza funcionará como un foro de debate formulado como a oportunidade para actualizar as causas da pobreza no mundo, analizar a orientación de Cooperación Galega para contribuír á súa superación, e de posta en común das conclusións sobre o percorrido do Plan Director.



## **EMIGRACIÓN E CÁRITAS DE SANTIAGO COLABORAN NA ATENCIÓN A RETORNADOS E INMIGRANTES DISPOÑENDO DUN TOTAL DE SESENTA PRAZAS DE ACOLLIDA EN PISOS**

- *A Secretaría Xeral achegará 240.00 euros para financiar este convenio*
- *A colaboración esténdese ás localidades da Coruña, Santiago, Carballo, O Milladoiro, Negreira, Pontevedra, Vilagarcía, A Estrada e Caldas de Reis*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura don convenio entre a Secretaría Xeral de Emigración e Cáritas Diocesana de Santiago para desenvolver un programa integral de atención a emigrantes retornados e inmigrantes. Entre as actuacións que se desenvolverán está informar as persoas inmigrantes e retornadas sobre a súa situación administrativa e trámites para realizar ou ofrecer aos emigrantes retornados e inmigrantes que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade e con risco de exclusión social, un servizo de aloxamento e manutención, durante un período limitado de tempo, que lles proporcione unhas condicións de vida dignas.

O convenio terá vixencia ata decembro do presente ano, e a Secretaría Xeral de Emigración achegará dos orzamentos do ano 2008 a cantidade total de 240.000 euros, que se destinarán a sufragar os gastos correntes derivados do mantemento das prazas de acollida e dos custos dos servizos prestados no marco do programa obxecto do convenio.

Baixo o marco do convenio prestarase tamén apoio económico para as necesidades básicas de medicamentos, de roupa, asistencia sanitaria, alimentación infantil e para o transporte que se consideren necesario dentro do programa individual de inserción que se elabore con cada beneficiario e que así se estime. Asemade, promoverase a incorporación dos emigrantes retornados e os inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria. Facilitarase todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral, entre outras actuacións. Estas desenvolveranse nas localidades da Coruña, Santiago, Carballo, O Milladoiro (Ames), Negreira, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa, A Estrada e Caldas de Reis.

O programa contará cun total de sesenta e catro prazas dispoñibles en casas e pisos de acollida. Así como apartamentos para tres familias (10-11 persoas). Toda a xestión e coordinación destas accións correrán a cargo de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, que disporá dunha unidade de coordinación na súa sede central. Destas prazas, ata un máximo de 6 poderán ser reservadas pola Secretaría Xeral de Emigración para o desenvolvemento do "Programa para a Atención Humanitaria e a Acollida na Península de inmigrantes procedentes de Canarias, Ceuta



e Melilla". A Secretaría Xeral de Emigración fará a reserva destas prazas de acordo coa petición de colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e sempre logo da comunicación á entidade.

En canto aos medios persoais, o programa contará cun responsable coordinador e do persoal, contratado ou voluntario, preciso para o desenvolvemento do programa.



## **A EGAP ASINARÁ UN CONVENIO COA UNIVERSITAT POMPEU FABRA PARA REALIZAR A CUARTA EDICIÓN DA ENQUISA SOCIAL EUROPEA**

- *A Escola achegará 100.000 euros para que o número total de entrevistas realizadas na Comunidade nesta enquisa se eleve a un mínimo de 500*
- *O Consello tamén autorizou a sinatura dun acordo entre a EGAP e Caixanova para organizar o Plan de Desenvolvemento da Xestión Local para cargos electos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a Universitat Pompeu Fabra (UPF) co obxecto de establecer un marco de colaboración entre ambas entidades para a realización dunha sobremostra para Galicia na cuarta edición da Enquisa Social Europea (ESE) en España. A EGAP destinará ao financiamento da ESE un total de 100.000 euros, de xeito que o número total de entrevistas que se realizarán na Comunidade se eleve a un mínimo de 500

A Enquisa Social Europea é un estudo comparado e lonxitudinal que se leva a cabo cada dous anos en preto de trinta países europeos e que analiza o cambio e a continuidade das actitudes, atributos e comportamentos sociais e políticos dos cidadáns europeos. Ten coma obxectivo crear unha grande base de datos trasnacional que inclúa datos individuais e contextuais, ao tempo que incorpora importantes innovacións técnicas e emprega procedementos minuciosos e deseños metodolóxicos rigorosos.

A ESE está promovida pola European Science Foundation e conta con financiamento proporcionado pola Comisión Europea –para o deseño e coordinación do proxecto- e por diversas institucións dos países participantes –para a realización da enquisa en cada un deles-. O proxecto está coordinado por un equipo central, estable, asesorado por un comité científico e por grupos de traballo específicos formados por expertos en diversas áreas. Ata o momento téñense realizado tres olas de enquisas, nos anos 2002-2003, 2004-2005 e 2006-2007.

En España, a principal entidade financiadora do proxecto é o Ministerio de Educación e Ciencia, e o proxecto é liderado pola Universitat Pompeu Fabra, xa que é nela onde están o coordinador do equipo español e a maior parte dos investigadores. Durante o período 2008-2009, a Universidade vai realizar a cuarta edición da ESE, desenvolvendo o traballo de campo ao longo do ano 2008 para que os datos finais estean dispoñibles en setembro de 2009. É nela onde a EGAP pretende que o número total de entrevistas realizadas en Galicia se eleve a un mínimo de 500.



### **Acordo con Caixanova**

Doutra banda, o Consello tamén autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a EGAP e Caixanova para a organización conxunta do Plan de Desenvolvemento da Xestión Local para cargos electos. A Escola destinará un total de 41.460 euros con esta fin.

Este plan pretende servir de apoio na mellora e no desenvolvemento da xestión pública achegando os coñecementos e o adestramento necesario para que calquera cargo electo poida levar a cabo un perfeccionamento da xestión da súa concellería e ao mesmo tempo afonde en materias específicas doutros ámbitos da xestión local.

Os seus obxectivos específicos son actualizar os coñecementos dos participantes, proporcionándolles as ferramentas máis novidasas na xestión de entidades locais; proporcionar un desenvolvemento profesional que comporte unha mellora na eficacia dos seus labores; achegar as bases necesarias para conseguir a innovación na xestión das súas organizacións; e potenciar as actitudes e habilidades que axuden aos asistentes a exercer tarefas de xestión e dirección das súas concellerías.

O Plan, que se desenvolverá durante os anos 2008 e 2009, estrutúrase en torno a sete áreas de coñecemento: gobernanza local, habilidades persoais e directivas, estratexia e organización aplicada á xestión local, xestión económico-financeira das facendas locais, comunicación e marketing dos servizos públicos, xestión pública de calidade, xestión do territorio e urbanismo.

Os asistentes terán á súa disposición sete cursos de perfeccionamento que poderán cursarse de forma independente. O Plan de Formación complétase coa realización de sete conferencias nas que se afondará en temas de especial interese en cada unha das áreas de coñecemento que se abordan ao longo do ciclo de formación. Para realizar o Plan completo, os participantes deberán cursar obrigatoriamente 96 horas lectivas, é dicir, seis dos sete módulos; aínda que tamén se poderán matricular de forma independente nos cursos que desexen. As actividades desenvolveranse en Pontevedra, na sede da Escola para as Administracións Públicas de Caixanova.

O convenio establece que a Caixanova lle corresponde colaborar coa EGAP na definición dos obxectivos, metodoloxía e programa dos cursos, así como a súa impartición; propoñerlle á Escola o profesorado que impartirá os distintos módulos; elaborar o material didáctico; realizar o pagamento de todos os gastos que se deriven do acordo; facer constar a colaboración da EGAP en toda a información que se difunda sobre os cursos; e informala da marcha e demais incidencias salientables ao longo da súa duración.





Pola súa parte, á EGAP correspóndelle realizar a convocatoria do Plan –mediante resolución no DOG-; informar a través da súa páxina web dos horarios, lugar e datas de realización dos módulos; seleccionar os participantes; designar o director dos cursos; expedir os correspondentes diplomas; e facilitar o uso das aulas, equipamentos e demais locais dos que dispón para a realización das actividades.



## **A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ACHEGA 257.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DA CASA CUARTEL DO CONCELLO DE CULLEREDO**

▪ *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio que o posibilita*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Culleredo para financiar as obras de acondicionamento dun inmovible destinado á casa cuartel da Garda Civil no municipio. Con este fin, a Consellería de Presidencia achegará 257.000 euros.

Pola súa parte, o Concello de Culleredo deberá encargarse da execución íntegra das obras e da dirección facultativa dos traballos, asumindo a tramitación dos permisos, licenzas e autorizacións administrativas que deban obterse, tal e como se establece no convenio. Se o concello así o solicita, a axuda económica da Consellería de Presidencia poderá efectuarse mediante pagamentos parciais cun importe máximo que non superará o 80% do total da achega. Para a realización destes pagamentos, o concello deberá xustificar que se realizaron as actuacións obxecto do convenio e o seu pagamento.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta paritaria, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do convenio. Tal Comisión ditará as súas propias normas de funcionamento reuníndose cando o solicite unha das partes. Este convenio estará vixente ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas, pero en ningún caso excederá do 30 de decembro deste ano. Con este convenio, a Consellería de Presidencia busca establecer canles de cooperación económica coas entidades locais para que contén cuns servizos de seguridade capaces de atender eficazmente as necesidades da poboación.



## **A XUNTA ACHEGARÁ 400.000 EUROS PARA A ADECUACIÓN E REFORMA DAS NOVAS INSTALACIÓNS DO EIXO ATLÁNTICO NA CIDADE DE VIGO**

A Xunta achegará 400.000 euros para colaborar no orzamento do proxecto de adecuación e reforma das novas instalacións do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular na cidade de Vigo. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a dita asociación transfronteiriza. Esta achega económica poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais ou pagamentos anticipados, por solicitude do Eixo Atlántico, ata un máximo do 80% da contía total.

A Consellería de Presidencia quere colaborar co Eixo atlántico por ser esta unha entidade que, entre outras actuacións, coordina proxectos territoriais na zona do noroeste peninsular posibilitando que os municipios limítrofes e os cidadáns participen de actuacións públicas que dean lugar a unha rede social de infraestrutura e de apoio interterritorial na cooperación transfronteiriza.

Segundo se recolle no texto, o acordo ten por obxecto establecer un marco de actuación para promover a modernización da Administración local nos concellos membros do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular - neste caso en Vigo-. Ademais, as devanditas obras poderán incluír, sen que isto supoña incremento do orzamento límite establecido, a adecuación de espazos para outros servizos dependentes do Eixo Atlántico, sempre que estean comprendidos no mesmo espazo global.

A achega económica realizarase logo de presentación das correspondentes certificacións de obra e xustificación do seu pagamento, acompañadas dunha certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Con anterioridade á xustificación dos investimentos o Eixo atlántico deberá presentar unha declaración do conxunto das axudas solicitadas -tanto aprobadas como as concedidas e as pendentes de resolución- para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Neste sentido, para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta integrada por un representante da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, un do Eixo Atlántico e outro do concello de Vigo, como titular do inmovible, cuxas funcións serán, entre outras, a interpretación do mesmo, a proposta -de ser o seu caso- de addendas e a intervención previa á resolución por incumprimento.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 8,2 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DAS AVENIDAS DA FLORIDA E CASTRELOS, EN VIGO**

- *O Consello da Xunta autorizou o convenio entre a CPTOPT e o Concello para a reforma destes treitos urbanos das estradas autonómicas Vigo-Baiona e Vigo-Vincios, que posteriormente se transferirán ao Concello*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo para a mellora da seguridade viaria e a urbanización das avenidas da Florida e de Castrelos. A través deste convenio a CPTOPT investirá 8,2 millóns de euros na reforma dos treitos urbanos de entrada a Vigo das estradas autonómicas Vigo-Baiona (PO-552) e Vigo-Vincios (PO-325) e transferirá posteriormente a súa titularidade ao concello.

As avenidas da Florida e de Castrelos forman parte das anteditas estradas autonómicas, pero na práctica pasaron xa a integrar a rede viaria urbana de Vigo. Este carácter de estradas urbanas obriga a axeitar estas vías aos seus usos e a estender os servizos de carácter máis urbano ás zonas onde aínda non existen ou nas que presentan deficiencias. En ambos casos é necesario apostar pola coexistencia dos peóns e dos vehículos mellorando a comodidade dos primeiros e redefinindo e optimizando a circulación dos segundos. Para iso construíranse beirarrúas, dispórase novo mobiliario urbano e mellorárase a seguridade viaria.

No caso da avenida de Castrelos, localízanse tres importantes equipamentos da cidade como son o Instituto Municipal dos Deportes, o Parque de Castrelos e o cemiterio de Pereiró, que condicionan o tipo de actuación que se vai realizar. A reforma da estrada abranguerá dende o seu comezo na praza de América ata a rotonda do camposanto, subdividíndose a actuación en tres para ter en conta as características particulares de cada treito: entre a praza de América e a avenida Arquitecto Palacios ou Primeiro Cinto de Circunvalación (que ten sentido único de circulación e deberase atender ás súas características residenciais e de servizos); entre as avenidas Arquitecto Palacios e Alcalde Portanet (que serve de enlace e da continuidade ao Primeiro Cinto de Circunvalación, polo que é unha importante arteria de tráfico) e entre Alcalde Portanet e a rotonda do cemiterio (onde se enlaza coa vial da Universidade).

Pola súa banda, a avenida da Florida presenta problemas de falta de espazo nas beirarrúas e unha pouco axeitada ordenación do elevado tráfico rodado que rexistra. Neste caso a reforma tamén atenderá ás características peculiares de tres tramos diferenciados: o primeiro entre a praza de América e o cruzamento coas rúas Martín



Echegaray e Manuel de Castro, o segundo ata o cruzamento coa rúa Padre Seixas xunto ao parque da Bouza e o terceiro ata a rotonda da avenida de Citroën que dá acceso á Zona Franca.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a Consellería de Política Territorial financiará as obras que se realizarán nestas dúas avenidas ata un máximo de 8,2 millóns de euros (4,56 millóns para a Florida e 3,63 millóns para Castrelos). Ademais, encargárase da contratación e execución dos traballos e transferirá ao Concello a titularidade de ambos os treitos unha vez que rematen as obras.

Pola súa banda, o Concello foi o encargado de redactar os proxectos técnicos necesarios, que foron aprobados pola CPTOPT, e deberá facilitar os terreos e permisos necesarios para realizar a obra. Posteriormente, asumirá a titularidade así como a futura conservación e o mantemento dos treitos reformados e dos seus servizos urbanos.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVESTIRÁ MÁIS DE 560.000 EUROS NO EQUIPAMENTO DO BUQUE DE INVESTIGACIÓN OCEANOGRÁFICA SARMIENTO DE GAMBOA**

- *O Consello da Xunta autorizará unha ampliación na dotación do convenio asinado en 2003 co Ministerio de Ciencia Educación e Ciencia e co Consejo Superior de Investigaciones Científicas*
- *Incorporaranse novos equipos e solucións para a mellora do comportamento do buque en materia de ruído e vibracións e respecto ao medio mariño*

A Consellería de Innovación e Industria investirá 566.562,46 euros na mellora do Buque de Investigación Oceanográfica Sarmiento de Gamboa, segundo se especifica na addenda que autorizou esta mañá o Consello da Xunta e que complementa o convenio asinado co Ministerio de Educación e Ciencia e co Consello Superior de Investigacións Científicas para a súa construción no ano 2003. O investimento total da Xunta no Sarmiento de Gamboa ascende, con esta addenda, a máis de catro millóns de euros, o 20% do custo total.

O texto aprobado indica que se realizará un gasto de 2.832.812,31 euros en modificacións do buque relacionadas coa protección do ambiente. Esta nova achega vai destinada á incorporación de equipos e solucións innovadoras para a mellora do comportamento do buque en materia de ruído e vibracións, respecto ao medio mariño e baixo custo de explotación e mantemento.

O Sarmiento de Gamboa, que iniciou a súa actividade en xullo de 2007, efectuará campañas oceanográficas, especialmente en augas do Atlántico. Esta infraestrutura científico-tecnolóxica, declarada "singular" polo Ministerio de Educación e Ciencia, conta coa tecnoloxía necesaria para realizar investigacións sobre cambio climático, fondos oceánicos, biodiversidade, estudos pesqueiros e circulación oceánica. Cunha eslora de máis de 70 metros, permitirá realizar misións de 40 días de duración con 25 científicos e 16 membros da tripulación a bordo.

Coa posta en marcha en 2007 do buque, a comunidade científica ten á súa disposición instalacións para, entre outras cousas, cartografiar o fondo e o subfondo mariño, determinar as correntes, o posicionamento de vehículos submarinos, a situación dos bancos de peixes e a estimación de biomasa. O Goberno galego dispón do buque durante 45 días ao ano para a formación de persoal especializado de institucións, universidades e organismos, así como para realizar estudos de carácter oceanográfico aplicado relativos á mellora do coñecemento dos recursos naturais da nosa costa.



## **MEDIO RURAL ACORDA DECLARAR A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO PXOM DE AVIÓN SOBRE O MONTE VECIÑAL DE SAN XUSTO**

O Consello da Xunta aprobou o acordo da Consellería do Medio Rural de declaración da prevalencia de utilidade pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Avión, no relativo á creación do solo industrial, sobre a do monte veciñal en man común de San Xusto, na provincia de Ourense.

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia dispón que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística levará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

O Concello de Avión solicitoulle á Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural en Ourense a declaración de prevalencia da utilidade pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello, no relativo á creación de solo industrial, sobre a do monte veciñal en man común de San Xusto, pertencente á parroquia de Avión (Santos Xusto e Pastor) cunha superficie de afección de 72.022 m<sup>2</sup>, conforme o decreto que exige a declaración expresa da Xunta para a expropiación dos montes veciñais en man común por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte.

O Servizo de Montes e Industrias Forestais emitiu informe favorable sobre a prevalencia, logo de notificarlle á comunidade afectada o proxecto e sen que se presentasen alegacións no prazo establecido.

## MEDIO RURAL CONVOCA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS DESTINADAS ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS

- *O Goberno galego investirá 1.125.000 euros en fortalecer a implantación e consolidación das organizacións profesionais agrarias*

A Consellería do Medio Rural estableceu unha orde de subvencións dirixidas a articular medidas de apoio ás organizacións profesionais agrarias, dotada con 1.125.000 euros, para fortalecer a súa implantación e consolidación. Estas entidades poderán solicitar un anticipo dun 70% da achega económica outorgada, segundo autorizou o Consello da Xunta.

A finalidade destas axudas concedidas ás organizacións profesionais agrarias consiste na realización de actividades de representación e de formación dos asociados e dos agricultores galegos en xeral.

Medio Rural considera que as organizacións profesionais agrarias representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa contribución para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración asegura a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias. Ademais, realizan un constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural. Estas accións contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.

Son obxecto desta subvención os custos derivados de actividades que desenvolverán durante 2008, por parte das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia, tales como funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal, funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias, representación perante as institucións, actividades de formación dos asociados e dos seus familiares e iniciativas de impulso do asociacionismo agrario.

De acordo co previsto no artigo 5.3º, do Estatuto de autonomía de Galicia, nas actividades subvencionables pola Consellería do Medio Rural empregárase de xeito preferente a lingua galega, tanto a nivel oral como na documentación escrita que se xere.





## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ALCER COLABORARÁN PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- *A Xunta colaborará coa Asociación de Enfermos de Ril Alcer cunha achega de 47.625 euros mensuais*

O Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril ALCER, subscribirán un convenio de colaboración, que hoxe autorizou o Consello da Xunta de Galicia, para o traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo.

O obxecto deste acordo é o de manter un procedemento que xa actualmente permite simplificar a tramitación das prestacións por desprazamentos sufragados pola Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde en Lugo. Estes traslados son os que diariamente realizan as e os enfermos afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros da provincia de Lugo, evitando, deste xeito, o aboamento individualizado e centralizando a xestión na asociación ALCER.

O Servizo Galego de Saúde aboará á antedita asociación a cantidade de 47.625 euros mensuais.



## **SANIDADE DESTINA CASE 600.000 EUROS A SUBVENCIONAR PROGRAMAS DE ASISTENCIA E REINSERCIÓN DE PACIENTES CON PROBLEMAS CO ALCOHOL, TABACO, XOGO OU OUTRAS DEPENDENCIAS**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a subscribir tres convenios con cadansúa asociación sen ánimo de lucro en A Coruña, Ourense e Vigo para o desenvolvemento de programas de asistencia e reinserción psicossocial de persoas con problemas de dependencia relacionada co consumo de alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancias ao longo deste ano.

Para o desenvolvemento destas actividades, o Sistema Sanitario Público de Galicia investirá este ano 206.063 euros en colaborar coa Asociación Luis Miguel Morás da Coruña; 212.510 euros no concerto con Asvidal, de Vigo; e 180.033 euros, no convenio que vai a asinar coa Asociación As Burgas, de Ourense, o que suma un total de 598.606 euros.

Estes acordos son consecuencia, tal e como contempla o Plan Estratéxico de Saúde Mental 2006-2011, do desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde que precisan complementarse en áreas específicas, para dar unha resposta máis completa a determinadas necesidades asistenciais, como é o caso da atención aos problemas relacionados co alcohol, o tabaco, o xogo e outras dependencias sen substancia.



## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ASINARÁ UN CONVENIO CON ASPANEPS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL INFANTO-XUVENIL NA ÁREA DE FERROL

- *O Consello da Xunta acordou hoxe investir máis de 185.000 euros este ano neste programa*

O Servizo Galego de Saúde asinará un convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS), para o desenvolvemento dun Programa de Atención á Saúde Mental Infanto-Xuvenil na área de Ferrol, para o ano 2008. Este convenio foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Neste caso, o departamento que preside María José Rubio Vidal vai destinar ao longo de 2008 un total de 185.273 euros.

O texto do convenio prevé que sexa a devandita asociación ferrolá a que atenda toda a demanda que se xere neste ano, respectando os principios de universalidade e gratuidade cos obxectivos de asistencia directa que inclúe primeiras consultas, avaliación diagnóstica, psicoterapias, revisión e seguimento, rehabilitación e reinserción.

Así mesmo, son obxectivos deste acordo, o apoio e asesoramento a institucións relacionadas co menor e institucións escolares e a información e derivación á rede asistencial naqueles casos que así o precisen.

O convenio establece, ademais, que ASPANEPS, seguirá as instrucións que en materia de saúde mental infanto-xuvenil estableza o Servizo Galego de Saúde.



## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE IMPULSAN A INVESTIGACIÓN CLÍNICA NA ÁREA DAS ENFERMIDADES NEURODEXENERATIVAS**

- *Para tal efecto asinarán un convenio de colaboración co Centro de Investigación Biomédica en Rede sobre estas patoloxías (CIBERNED)*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinarán un convenio de colaboración -autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia- co Centro de Investigación Biomédica en Rede sobre Enfermidades Neurodexenerativas (CIBERNED), para a promoción e impulso da investigación clínica nestas patoloxías, nos centros asistenciais da sanidade pública galega.

Sanidade e CIBERNED teñen como finalidade común a promoción da investigación biomédica e máis concretamente, pretenden incentivar e incrementar a investigación nos seus centros asistenciais, no ámbito das enfermidades neurodexenerativas, como se recolle nas liñas prioritarias de investigación en biomedicina do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Para iso, coordinarán as súas estruturas, os seus coñecementos e as súas dispoñibilidades, impulsando a participación do conxunto de profesionais na investigación no campo das enfermidades dexenerativas.

É prioridade deste convenio a colaboración e coordinación das estruturas e dispoñibilidades dos centros sanitarios que poidan ser útiles para ambas as dúas partes no campo da investigación das enfermidades neurodexenerativas, tales como Párkinson ou Alzheimer.

O convenio establece, como primeira actuación, o desenvolvemento dun programa de apoio á actividade científica nos hospitais públicos galegos, que permite a profesionais sanitarios con liñas de investigación en enfermidades neurodexenerativas dedicarse durante un tempo máximo dun ano, de forma completa, a estas tarefas investigadoras. O coñecemento acadado nesta investigación trasladarase á atención aos pacientes no menor tempo posible para mellorar a súa calidade de vida.

Para garantir o mantemento da calidade asistencial, o convenio establece a achega de fondos por parte de CIBERNED, que se destinarán á contratación e retribucións do persoal que asuma o labor asistencial correspondente ás e aos profesionais que se concentren na investigación.

Establécese unha achega de 30.000 euros para o persoal facultativo e de 15.000 euros para o de enfermaría, por cada investigador que teña dedicación intensiva.



Esta primeira actuación reforza a liña de traballo que dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde se está a desenvolver para favorecer a investigación de calidade nos centros sanitarios, potenciando a dedicación á investigación das e dos profesionais con liñas acreditadas.

O convenio asinado co Instituto de Saúde Carlos III e a convocatoria de bolsas para intensificación de actividade investigadora da propia Consellería de Sanidade, son outras accións neste obxectivo.

A selección de candidatos do programa de apoio á actividade científica nos hospitais realízase polas comisións técnicas do Instituto de Saúde Carlos III, entre os candidatos que reúnan os requisitos da convocatoria pública desta acción.

Os candidatos elixibles deberán ser persoal asistencial con traxectoria científica acreditada e que presten o seu labor en centros do Sistema Sanitario Público de Galicia.



## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE DESTINA NOS DOUS PRÓXIMOS ANOS UN TOTAL DE 4,8 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE TELEFONÍA DA CENTRAL DE COORDINACIÓN DO 061**

A Consellería de Sanidade, a través de Urgencias Sanitarias de Galicia investirán nos dous próximos anos un total de 4.794.000 euros na contratación dos servizos de telefonía da Central de Coordinación do 061-Galicia, que se encarga da xestión e coordinación da atención de emerxencias e o transporte de pacientes de xeito urgente en toda a Comunidade Autónoma. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta que autorizou o devandito concurso.

Urxencias Sanitarias de Galicia ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, asistencia e transporte de pacientes, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria, no caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria. Todo isto xestiónase a través da Central de Coordinación dende onde se coordina toda a Comunidade Autónoma e á que pode chamar calquera persoa que se atope ante un problema sanitario urgente.

A Central de Coordinación coordina recursos propios e alleos que se comunican directamente con esta proporcionando información de tempos, incidencias ou calquera circunstancia relevante para a óptima xestión do servizo.

O prego deste concurso recolle o número mínimo de persoas que desenvolverán tarefas de teleoperadores e locutores en cada banda, horario, día da semana e mes do ano. Deste xeito, a Consellería de Sanidade pretende que o tempo de atención á chamada sexa o óptimo para prestar unha atención telefónica de claridade recollendo os datos de localización necesarios e axustándose aos protocolos de clasificación da chamada.

Urxencias Sanitarias de Galicia-061 recibiu e xestionou o ano pasado 919.608 chamadas. Máis da metade solicitaban asistencia sanitaria e 177.630 requiriron a mobilización de recursos sanitarios.



## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 600.000 EUROS A INCREMENTAR AS PRAZAS CONCERTADAS PARA ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE**

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe autorizou a sinatura dunha cláusula adicional aos concertos entre o Servizo Galego de Saúde e tres asociacións e fundacións coas que se incrementarán en 29 as prazas para enfermos con trastorno mental persistente.

Para este fin, o Servizo Galego de Saúde destinará un total de 600.966 euros en tres anualidades (248.688 euros nese ano; unha cantidade igual en 2009; e 103.620 euros ao longo do ano 2010).

A finais de 2007, en Galicia había un total de 774 prazas en centros de rehabilitación psicosocial, que agora se incrementan en 15 novas prazas; outras 148 prazas en pisos; e 66 en unidades residenciais, que a partir da sinatura destes convenios, son aumentan noutras 14. Así, pasarase das 988 prazas a 31 de decembro de 2007 ás 1.017 actuais.

Ademais, para este ano está prevista a apertura de cinco novos pisos cun total de 25 prazas máis; e dous centros de día con outras 15 novas prazas.

O Servizo Galego de Saúde asinará cadanseu convenio coa Asociación Morea de Ourense seis prazas en unidades residenciais; e oito na Fundación Lar Pro Saúde Mental, en Vilagarcía de Arousa, tamén en unidades residenciais.

Pola súa banda, as 15 prazas en centros de rehabilitación psicosocial repártense, a partes iguais, entre a Asociación pro Enfermos Mentais da Coruña; e a Asociación de Familias e Enfermos Mentais Morea de Valdeorras e de Verín.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO PARA A ESTABILIZACIÓN PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS DA RÍA DE PONTEVEDRA

- *Pesca achegará máis de 500.000 euros para financiar os traballos de limpeza dos bancos marisqueiros, traslados de semente de bivalvo de zonas de baixa produción a outras de mellor crecemento e acondicionamento do substrato*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo á sinatura dunha addenda pola que se amplía e prorroga o convenio de colaboración suscrito o pasado mes de setembro e prorrogado en decembro entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Agrupación de Interese Económico "Lonxa de Campelo" (que agrupa as confrarías de Pontevedra, Raxó e Lourizán) para a execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da Ría de Pontevedra. Deste xeito, a vixencia do devandito protocolo, que estaba fixada ata o 31 de marzo de 2008, esténdese ata o 30 de xuño de 2008 seguindo as condicións pactadas no documento asinado o pasado ano.

Esta nova prórroga vén motivada porque os datos microbiolóxicos do banco marisqueiro dos Praceres, catalogado como zona "C" dende o pasado mes de abril, e despois da entrada en funcionamento do novo sistema de depuración da zona, dan mostra dunha notable mellora na calidade das augas, pero non é suficiente para un eventual cambio de clasificación.

No caso de que a Consellería de Pesca resolvese mudar a clasificación da zona poderíase poñer fin anticipadamente a este convenio. Do mesmo xeito, podería ser obxecto dunha nova prórroga se novamente as circunstancias de calidade das augas aconsellan manter a situación actual.

Na execución do proxecto de estabilización produtiva dos bancos marisqueiros da Ría de Pontevedra están a participar activamente os titulares do permiso de explotación para marisqueo a pé asociados ás confrarías de pescadores de Pontevedra, Raxó e Lourizán que explotan de xeito conxunto o banco marisqueiro dos Praceres como consta nas ordes de 2007 e 2008 polas que se aproban os plans xerais de explotación marisqueira para os citados anos. Así mesmo, as propias confrarías son as que controlan a distribución e realización dos traballos a executar ao amparo do convenio asinado con Pesca.

Esta addenda implica unha achega de 514.483,20 euros por parte da Consellería de Pesca correspondentes aos traballos de limpeza dos bancos marisqueiros, traslados de semente de bivalvo de zonas de baixa produción a outras de mellor crecemento e acondicionamento do substrato.





Cabe lembrar que, en aplicación da normativa sobre a calidade das augas para a produción de moluscos (Orde do 8 de setembro de 2006), o banco marisqueiro dos Praceres foi clasificado como zona "C", o que imposibilita a venda en fresco dos moluscos extraídos, limitando así a saída comercial xeradora dos ingresos dos profesionais desta zona. De todos os xeitos, a mellora das condicións sanitarias a finais do mesmo ano 2006 fixo posible que a situación mudara e se clasificara a zona como "B" provisional, o que permitiu abrir o marisqueo para a venda en fresco coincidindo coa campaña de Nadal. Esta nova situación durou uns meses e novas mostraxes con resultados desfavorables obrigaron a restituír a clasificación como "C" no mes de abril de 2007.

Co obxectivo de paliar os efectos negativos desta clasificación sanitaria sobre a estabilidade produtiva e social e minimizar os prexuízos da inactividade nas zonas clasificadas como "C", as tres confrarías propuxeron un plan de actuación que foi avaliado polos técnicos da Consellería de Pesca. Esta iniciativa foi plasmada nun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Carmen Gallego e a Agrupación de Interese Económico "Lonxa de Campelo".



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 2,9 MILLÓNS NA INSTALACIÓN DOS COLECTORES XERAIS PARA O SANEAMENTO DOS NÚCLEOS DE ESTEIRO E TAL, NO CONCELLO CORUÑÉS DE MUROS**

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 2.915.464 euros nas obras de instalación dos colectores xerais para o saneamento dos núcleos de Esteiro e Tal, no concello coruñés de Muros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e a local para a execución do proxecto, que permitirá a condución das augas residuais ata a estación depuradora (EDAR).

A obra ten un prazo de execución de 18 meses e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), cunha partida orzamentaria de 971.821 euros con cargo aos orzamentos de 2008 e outra de 1.943.642 nos orzamentos de 2009.

O proxecto contempla as actuacións necesarias para condución das augas residuais, que actualmente van verter directamente á ría de Muros e Noia, ata a EDAR de Punta da Cancelada. Para iso instalaranse unha serie de colectores que recollerán as augas residuais ata uns pozos de bombeo dende os que irán, mediante impulsión, á futura EDAR.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ O PROXECTO DE AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE VENTOSELA, NO CONCELLO OURENSÁN DE RIBADAVIA**

- *O custo total das obras ascende a 563.578 euros, dos cales Medio Ambiente aportará o 90% e o concello de Ribadavia o 10% restante*
- *Este proxecto suporá a renovación do actual encanamento de fibrocemento, que sofre frecuentes roturas e impide dar un servizo de abastecemento axeitado aos veciños da zona*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá o proxecto de ampliación e renovación da rede de abastecemento de Ventosela, no concello ourensán de Ribadavia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e a local para a realización das obras, que contan cun orzamento de 563.578 euros.

O proxecto será financiado nun 90% pola Consellería de Medio Ambiente, que aportará 507.220 euros distribuídos en dúas anualidades, e nun 10% polo Concello de Ribadavia. A obra ten un prazo de execución de catro meses e permitirá ampliar e renovar a rede de abastecemento nesta zona, que na actualidade está formada por unha encanamento de fibrocemento que sofre frecuentes roturas e impide dar un servizo axeitado.

A nova rede incluirá a conexión coa rede existente, no cruzamento da estrada a Castrelo do Miño, de 790 metros de tubo de fundición que irá ata o cruzamento coa estrada a Santo André; así como outro tramo de 933 metros dende ese punto ata o final da zona de actuación, a xeito de canalización xeral de distribución.

O proxecto tamén contempla a instalación dunha tubería secundaria de polietileno de 90 milímetros, que discorrerá paralela á conducción xeral no tramo comprendido entre o cruce e a ponte sobre o ferrocarril, para que as acometidas ás vivendas existentes na beira da estrada non se realicen ao encanamento xeral. Así mesmo, procederase á instalación de varios ramais de encanamento para dar servizo a tódas as vivendas da zona.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 32,5 MILLÓNS DE EUROS PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *Este parque ten unha superficie total de 1.380.000 metros cadrados dos que 730.000 son de uso empresarial*
- *O Parque Empresarial da Sionlla inclúe unha terminal de transporte ferroviario de 74.000 metros cadrados e conexión coa N-550 e a AP-9*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 32.525.660 euros para a contratación das obras de urbanización do Parque Empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela, que conta cunha superficie total de 1.380.000 metros cadrados.

Unha vez autorizado o gasto, a Consellería de Vivenda enviará o anuncio da convocatoria do concurso público para a contratación destas obras ao Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), ao Boletín Oficial do Estado (BOE) e ao Diario Oficial de Galicia (DOG). O anuncio incluirá a cifra da licitación, o prazo máximo de execución das obras e o prazo do que disporán as empresas interesadas para presentar as súas propostas.

Neste momento está en marcha o procedemento de expropiación da totalidade dos terreos nos que se vai a desenvolver este parque, repartidos en 277 predios. O investimento previsto para este capítulo ascende a 31,1 millóns de euros. A previsión da Consellería de Vivenda e Solo é rematar o procedemento de adquisición dos terreos no 1º semestre de 2008 e comezar as obras de urbanización no segundo semestre de 2008.

O Parque Empresarial da Sionlla terá unha superficie total de 1.380.000 metros cadrados, dos que se destinarán un total de 730.000 metros cadrados a solo empresarial neto distribuído da seguinte forma: 411.821 metros cadrados destinados a empresas de actividade industrial, 111.066 metros cadrados para uso terciario, e 207.064 metros cadrados para uso mixto industrial/terciario, aínda que a distribución final dos usos pode variar en función da demanda empresarial.

Ademais, o Parque Empresarial da Sionlla contará cunha terminal de transporte ferroviario, de 74.000 metros cadrados, o que o converte nunha plataforma loxística. As empresas contarán con conexión por ferrocarril e por estrada, N-550 e a AP-9, ademais da proximidade do aeroporto de Lavacolla. Pegado á futura terminal hai reservada unha superficie de 44.000 metros cadrados para acoller a localización de servizos relacionados co transporte.



## O GOBERNO GALEGO PON EN MARCHA UNHA CAMPAÑA PARA SENSIBILIZAR A CIDADANÍA SOBRE A VIVENDA E A INTERVENCIÓN NO TERRITORIO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Departamento autonómico e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para o desenvolvemento desta campaña*
- *A Consellería de Vivenda e Solo investirá 197.200 euros nunha campaña que contará con seis anuncios de televisión*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) para o desenvolvemento dunha campaña destinada a sensibilizar a cidadanía sobre a vivenda e a intervención no territorio.

A Consellería investirá 197.200 euros nesta campaña que consistirá na elaboración e difusión de seis anuncios televisivos que permitan á cidadanía ter un maior coñecemento e interese sobre a importancia da intervención humana no territorio.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS DO PLAN DE RENOVACIÓN URBANA E MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO DENTRO DO NÚCLEO HISTÓRICO DE MONFORTE

- *A Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo estas actuacións cun orzamento total de 1.871.170 euros*
- *Entre as funcións da Consellería está o fomento da rehabilitación e renovación de espazos públicos en centros históricos, áreas de rehabilitación e no medio rural*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 1.425.000 euros para efectuar diversas actuacións do Plan de renovación urbana e mellora do espazo público dentro do núcleo histórico de Monforte de Lemos. Ambas Administracións asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destas melloras durante os anos 2008 e 2009. O orzamento total ascende a 1.871.170 euros, dos que a Consellería aporta 1.425.000 euros e o Concello de Monforte de Lemos o importe restante, 446.170 euros.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas funcións o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Neste caso, as actuacións previstas están centradas na renovación urbana e mellora de espazos públicos. En concreto, a renovación urbana consistirá na limpeza, saneamento, rebocado -se é o caso- e pintura de fachadas e medianeiras, colocarse novo mobiliario urbano e incorporarse vexetación. As rúas incluídas son Ribas Altas, Cardeal, Campo de San Antonio, Méndez Casal, Dr. Goyanes, Comercio, Campo da Compañía, Paseo de Lugo, Dr. Casares e Dr. Teixeiro.

A mellora de espazos públicos implicará o acondicionamento do entorno do Campo de Compañía e Paseo de Lugo para a súa posta en valor e humanización. As melloras inclúe a renovación de abastecemento de auga, a renovación e instalación eléctrica para eventos culturais e festivos, incremento das zonas peonís aumentando a superficie das beirarrúas e unificación de materiais e detalles construtivos.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 268.283 EUROS NO ACONDICIONAMENTO E RECUPERACIÓN DO CONTORNO DOS MUÍÑOS DE PEDRACHÁN E O SEU LAVADOIRO NO CONCELLO DE NOIA**

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 268.283 euros no acondicionamento e recuperación do contorno dos Muíños de Pedrachán e o seu lavadoiro no Concello de Noia. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións para o desenvolvemento destas melloras durante esta ano 2008. O orzamento total ascende a 335.354 euros, dos que a Consellería achega 268.283 euros e o Concello de Noia o importe restante, 67.070 euros.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas funcións o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Neste caso, a intervención consistirá na mellora das camiños e da chegada á Pedrachán colocando pavimentación de pedra morena, repicado de rocha saínte, corrección da forte pendente nalgúns puntos e substitución dunha rampla de pedra e formigón por unha estrutura metálica.

Tamén se actuará no lavadoiro, de grandes dimensións, colocando un novo teito e arranxando o solado con formigón e enlousado de granito e construíndo bancos con pedras de granito nas beiras do lavadoiro. Por último, arranxaranse as fachadas das distintas construcións retirando canles e baixantes de pluviais, levarase o abastecemento de auga ata o último muíño, retiraranse postes e tendidos eléctricos que serán soterrados e substituiranse as luminarias por apliques nos muros.

Esta actuación enmárcase no programa de reintegración urbana do patrimonio cultural da ribeira do río Traba, en Noia. A primeira fase consiste no acondicionamento xeral e recuperación do contorno dos Muíños da Pedrachán e do lavadoiro e nas fases seguintes recuperaranse os propios muíños, a ribeira fluvial, a fábrica de curtidos do Couto e a Ponte de Traba, entre outros elementos.



## **A XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE JOSÉ COLINO SUEIRAS COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E FONDOS COMUNITARIOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de José Colino Sueiras como novo director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, cargo no que vén substituír a Aureliano García González-Llanos.

José Colino Sueiras ocupaba dende 2005 o cargo de director do Instituto Galego de Estatística (IGE). Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, o novo director de Planificación e Fondos Comunitarios realizou estudos de postgrao en Ginebra, Lyon e París. Catedrático de Economía Aplicada, desenvolveu a súa actividade docente na Universidade de Santiago de Compostela e na de Murcia, onde foi decano da Facultade de Economía e Empresa e director do departamento de Economía Aplicada. Colino Sueiras colaborou como experto en dictámenes e informes para varias institucións nacionais e europeas e participou na creación e consolidación de diferentes iniciativas académicas e cívicas como a *Fundación para unha nova cultura da auga* ou a *Asociación libre de Economía*. Foi membro do Consello de redacción de revistas económicas de ámbito nacional como a *Revista Española de Economía Agraria* e a *Revista de Economía Aplicada*. Ademais, ten realizado numerosas publicacións entre as que destacan *España a Maastricht: vantaxes e inconvenientes*; *A auga na agricultura do suroeste español: produtividade, prezo e demanda* ou *Análise comparativa estrutural coa Unión Europea*.

### **Novo director do Instituto Galego de Estatística**

Pola súa banda, e en substitución de José Colino Sueiras, o Consello tamén aprobou o nomeamento de Ángel Luis Tarrío Tobar como director do Instituto Galego de Estatística, organismo no que ocupaba o posto de subdirector de Coordinación Técnica e Planificación Estatística dende 2002. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, Tarrío Tobar desenvolveu a súa traxectoria profesional no IGE, onde ingresou no ano 1996 como funcionario da Escala Superior de Estatísticos.